

## Curso monográfico – TRABALLANDO A ORALIDADE...

**Destinatarios:** Público en xeral; antigo alumnado que pretenda reforzar as destrezas relacionadas coa oralidade. Para un bo aproveitamento, debe contar, como mínimo, co nivel A2.

**Obxectivos:** Este monográfico ten como finalidade proporcionar ao alumnado unha melloría da capacidade expositiva a nivel da produción de textos orais, sexa a través da exposición de contidos (monólogo), sexa a través de tarefas de interacción (diálogo) en parellas e / ou debates colectivos. Incidirase inicialmente na produción dos sons característicos do Portugués, progresando gradualmente de xeito a que o alumnado acade a posibilidade de expresarse con máis naturalidade sobre temas diversos, coa adecuada corrección e fluidez.

**Temas:** Relacionados coa actualidade, desenvolvidos ó longo das seguintes unidades:

1. Aprender Portugués.
2. Os sons da Lingua Portuguesa.
3. Portugal e os Portugueses.
4. Vida cotiá.
5. Tempos libres e deporte.
6. Compras / consumo.
7. Reclamacións.
8. Vacacións; viaxes.
9. Locais para vivir; habitación.
10. Animais; mascotas.
11. Praceres e molestias da vida.
12. Profesións.
13. Memorias.

**Metodoloxía:** Utilizarase unha dinámica eminentemente activa, simulando situacións prácticas.

**Actividades:** Serán sempre actividades variadas que impliquen a colaboración activa do alumnado e que inclúan propostas que sirvan de estímulo á práctica da oralidade: comprensión-expresión (individual e en parella), debates, pequenas exposicións sobre os temas de traballo, etc.

### **Materiais:**

- documentos audio e audiovisuais auténticos (documentais, cancións, extractos de programas de arquivo, reportaxes, entrevistas, etc.) que estimulen o alumnado a participar en debates e a expresar a súa opinión ao respecto);
- Trava-linguas; fábrica de historias
- debuxos, fotos e cadros de imaxes ilustrando situacións, para describir e comentar;
- Aula Virtual (Moodle), para utilización presencial e acceso remoto.

### **Temporalización:**

O curso ten carácter anual, cunha sesión semanal de dúas horas, nun total de 60 horas, en formato presencial (prevese a utilización da plataforma *Webex*, en caso de necesidade sanitaria).

<b>NIVEL</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>DESCRIPCIÓN</b>
B1	Curso completo <b>60 horas</b> (52 presenciais + 8 traballo individual)	Traballando a oralidade...

### **Avaliación:**

Será unha avaliación continua e personalizada do alumnado a través da observación do seu desenvolvemento e da respectiva progresión nas actividades feitas na aula, na que este obterá a cualificación de “apto” ou “non apto”. A superación destes cursos non dará lugar á obtención de certificados do nivel. Non obstante, a EOI poderá certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o seu aproveitamento. Para obter esta certificación positiva, o alumnado deberá asistir como mínimo ao 80% das clases presenciais e presentar con calidade os traballos requiridos polo docente, que xustificarán as horas de traballo individual.